

SUBSECCIÓNS

Arbitrax e,
Mediación e
ADRS

Proponse a creación dun Observatorio da Arbitrax e a Mediación para solucionar a saturación da xustiza [^]

Publicado o mércores 21 de xuño do 2006.

 -
  -
  e-mail - Visto 197 veces

Estás en [Arbitrax e, Mediación e ADRs](#) >

A Asociación Comunitaria de Arbitrax e Mediación (ACAM) reclama nun comunicado a creación dun Observatorio da Arbitrax e a Mediación para resolver o problema de saturación da xustiza, a través de solucións extraxudiciais.

ACAM considera que "non todos os conflitos deben rematar nos tribunais", porque "hai moitos procesos civís e mercantís que poderían ir por outra vía máis rápida".

Neste sentido, o director executivo de ACAM, Ignacio de Gorgolas, considera de "cultura" o problema da xustiza e asegura que "é necesario traballar na desxudicialización da vida española" para que "os tribunais queden para os asuntos máis graves".

Ao seu xuízo, unha resposta extraxudicial aos conflitos beneficiaría sobre todo ao empresario español, xa que, segundo di, "un tecido empresarial como o español, formado na súa maioría por pequenos e medianos empresarios, non pode perder tempo e diñeiro preiteando nos tribunais, xa de por si colapsados".

Pese a recoñecer os avances da arbitrax en materia de consumo e no campo internacional, ACAM insiste na necesidade de promover as solucións extraxudiciais "a nivel doméstico" e facer "un esforzo divulgador importante por parte dos poderes públicos", para que o cidadán coñeza a oferta que existe de arbitrax.

O observatorio

Sobre a composición do Observatorio, ACAM propón sentar na mesa de traballo ao colectivo xurídico, a través do Foro pola Xustiza, aos empresarios, mediante as súas patronais, ás universidades, ás organizacións de consumidores e demais asociacións profesionais con suficiente peso específico.

Ademais, o colectivo convida a participar neste Observatorio ás Cortes de Arbitrax que o desexen, aos propios medios de comunicación, así como á Administración.

En concreto, a asociación considera "fundamental" que todas as forzas políticas e estamentos sociais advirtan de "a necesidade de crear e fomentar unha vía alternativa á xustiza ordinaria".

Ademais, insta á Administración a "organizar unha campaña divulgativa

Nas mesmas datas...

Anterior:

[A ONU condena o asasinato dun avogado defensor do xuízo a Sadam Husein quen se declara en folga de fame](#)
 21 de xuño do 2006

Posterior:

[A avaria informática que paralizou a actividade dos xulgados de Vigo durante tres días xa está solucionada](#)
 22 de xuño do 2006

en diferentes medios informativos que eduque" á sociedade sobre a arbitraxe. Tamén reclama o apoio da avogacía cara a arbitraxe e a mellora da formación específica dos árbitros.

Finalmente, salienta "a necesidade de desenvolver diversos procesos formativos e accións divulgativas para que o empresario inclúa a cláusula de arbitraxe" para que *a posteriori* se poida acudir a ela.

[\[Volver a sección de orixe ^\]](#)

[Portada](#)

[Mapa](#)

[Contactar](#)

[Utilidades](#)

[Usuarios](#)

[Léxico](#)

[Atallo](#)

[Admin](#)

Avogacia.org © desde 2000

[Cast](#)

[Información](#)

[Gal](#)



//